

Xulia está traballando nunha escavación, é arqueóloga. É moi coidadosa no seu traballo, pois debe recuperar obxectos antigos que quedaron enterrados polo paso do tempo. Hoxe está contenta, pois esta semana descubriron vasillas, tecidos, moedas e pequenas ferramentas moi antigas.



Cando empezaron escavar hai tres anos, non encontraban moitas pezas; primeiro tiveron que preparar o terreo onde ían escavar. Cando rematen todo o traballo, limpiarán e estudarán as pezas e, despois, levaranas a un museo para que todos poidamos coñecer como vivían nesa aldea hai moitos anos.

Os castros foron as primeiras aldeas de Galicia. A forma típica das aldeas era redonda ou ovalada. Os castrexos elixían lugares altos para defenderse e vixiar o entorno.

As vivendas son redondas ou ovaladas e moi pequenas con tellado de palla.



Os castrexos tiñan ovellas, vacas, porcos, cabras e cabalos. Cultivaban cereais, trigo, millo e recollían froitos silvestres.

1.- Rodea os obxectos antigos que encontrou Xulia



2.- Que traballo cres que fai un arqueólogo?

3.- Ordena as tarefas dos arqueólogos:



Recollen os obxectos encontrados



Limpan e estudan os obxectos e lévanos a un museo.



Antes de empezar a escavar, limpan e preparan o terreo.

4.- Onde se atopaban os castros?

5.- Por que elixían lugares altos para os poboados?

6.- Como pensas que era unha vivenda por dentro?

